

# Obradoiros para o alumnado do Enreguéifate 2023-24



Os obradoiros Enreguéifate enmárcanse dentro do proxecto homónimo organizado polos concellos de Ames, Carballo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Teo, co que se procura impulsar a improvisación oral en verso e contribuír a través dela á promoción do uso da lingua galega.

## HABILIDADES

A regueifa fomenta a capacidade de articular un discurso improvisado e amplía as aptitudes retóricas. Posibilita un diálogo que saca á luz, dun xeito horizontal, as desigualdades e traballa habilidades como a escucha ou a atención e o respecto pola persoa interlocutora.

Na mocidade, é unha potente ferramenta para desenvolver a autoconsciencia, a seguridade propia e a autoestima nunha etapa de conformación da identidade de cada persoa.

## METODOLOXÍA

Partimos dos coñecementos previos do alumnado para propiciar unha aprendizaxe significativa. A interacción é continua e empréganse técnicas de traballo en grupo e de colaboración mutua. Desde o fomento da liberdade discursiva e o diálogo, dánsele azos ao alumnado para que sexa quen de se expresar en público, creando un ambiente de confianza e horizontalidade. Traballamos, pois, partindo da autorregulación grupal, da motivación e do reforzo positivo.

## DATAS DE REALIZACIÓN

Os obradoiros realizaranse en horario de mañá entre o 27 de novembro e o 12 de decembro.



## DURACIÓN

A duración de cada obradoiro é de 90 minutos, polo que se desenvolverá en dúas sesións seguidas de 45 minutos cada unha (dúas clases).

## NIVEIS E NÚMERO DE PARTICIPANTES

Os obradoiros están dirixidos a escolares de 5º e 6º de Educación Primaria, e Secundaria, en grupos de ata 30 persoas.

## INSCRICIÓN

Antes do 30 de outubro, cubrindo o [formulario de inscrición](#), tamén disponible na páxina: <https://enregueifate.gal/alumnado/>

## ALGUNHA DÚBIDA?

Contacta co Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela, no correo [dlg@santiagodecompostela.gal](mailto:dlg@santiagodecompostela.gal) ou no teléfono 981 542 409.



Concello  
de AMES



Concello  
de CARBALLO



Concello  
de Pontevedra



CONCELLO DE  
SANTIAGO



CONCELLO  
DE TEO